



“PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES”  
*CEIP VIRXE DA LUZ - TARDES CONCILIA*

CONCELLO DE PORTOMARÍN  
2022-2023





### Introdución

O concello de Portomarín a través das actividades “*Tardes Concilia-Extraescolares 2022-2023*” enmarcadas na medida municipal de conciliación “*Portomarín-Concilia*” que se levarán a cabo no CEIP Virxe da Luz ten por obxecto facilitar ás familias e aos alumnos/as actividades de conciliación da vida persoal, laboral e familiar ao remate das aulas; así como potenciar e favorecer a posta en marcha de actividades lúdicas e deportivas para o alumnado ao finalizar o horario lectivo.

Entre os seus obxectivos principais destacan os de:

- Incrementar a participación de actividades físico-deportivas en horario non lectivo.
- Beneficiarse do gran potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas.
- Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte.
- Mantener e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
- Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, o desenvolvemento das diferentes cualidades físicas, así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores.
- Potenciar os xogos motores como instrumento base da educación.
- Promover a educación en valores dentro da comunidade educativa do que dispoñen a través do deporte; como son a tolerancia, o respecto aos demais e as regras, o esforzo, a superación, a cooperación e a confianza entre outros.





## Programación das actividades extraescolares curso 2022-2023

### 1. Educación Infantil - Actividades extraescolares

#### 1.1 Patinaxe

##### 1.1.1 Obxectivos

- Percibir e coñecer a través do corpo o control e dominio dos esquemas motrices e posturais (equilibrio) a través do uso do medio móvil dos patins.
- Fomentar a coordianción dos movementos e potenciar a súa autoconcentración.
- Ensinar a práctica do patinaxe dende o aspecto lúdico da actividade, creando grupos e fomentando a socialización dos rapaces/as; ademáis do traballo en equipo.

#### 1.2 Zumba infantil (expresión corporal, circuitos motriz e psicomotricidade)

##### 1.2.1 Obxectivos

- Potenciar o desenvolvemento sensorial dos nenos/as.
- Facilitar a comprensión e a orientación espacial.
- Coordinación nos movementos e deprezamentos.
- Favorecer a imaxinación, a creatividade e a memoria visual.
- Favorecer a súa relación cos seus iguais nun contexto externo o da escola.





### 1.3 Temporalización das actividades

A execución das actividades seguirá o calendario escolar lectivo do centro educativo. A previsión de inicio das actividades data para o 05 de outubro de 2022; á espera da aprobación do consello escolar e autorización da Consellería de Educación.

Horario/ Día	Mércores	Mércores
14:50:-16:30	Iniciación - Patinaxe	xxx
16:30-17:30	xxx	Zumba infantil

### 1.4 Destinatarios

Alumnos/as de educación infantil do CEIP Virxe da Luz. Máximo 15 alumnos/as por actividade.

### 1.5 Persoal que desenvolverá a actividade

As actividades estarán dirixidas e coordiandas pola monitora deportiva municipal designada. O responsable das mesmas será o representante da entidade local do concello de Portomarín.

### 1.6 Lugar realización das actividades

- **Patinaxe:** Patio exterior cuberto do centro. En caso de que polas condicións climatolóxicas non se puidese impartir a actividade no exterior, ésta realizaráse no ximnasio do centro.
- **Zumba infantil:** Ximnasio do centro de ensino.





## **2. Educación Primaria - Actividades extraescolares**

### **2.1 Patinaxe**

#### **2.1.1 Obxectivos**

- Favorecer a súa autonomía persoal, autoconfianza e respecto hacia os seus compañeiros e monitores.
- Percibir e coñecer a través do corpo o control e dominio dos esquemas motrices e posturais (equilibrio) a través do uso do medio móvil dos patins.
- Fomentar a coordianción dos movementos e potenciar a súa autoconcentración.
- Ensinar a práctica do patinaxe dende o aspecto lúdico da actividade, creando grupos e fomentando a socialización dos rapaces/as; ademáis do traballo en equipo.

### **2.2 Multideporte (Baloncesto, Pádel, zumba junior, Hockey, Béisbol e fútbol sala)**

#### **2.2.1 Obxectivos.**

- Potenciar a autoconfianza, habilidades perceptivo-motoras.
- Conseguir a coordinación nos movementos e deprezamentos.
- Mellorar e manter as funcións corporais, motoras, sensoriais e mentais.
- Favorecer a súa autonomía persoal, autoconfianza e respecto hacia os seus compañeiros e monitores.
- Potenciar a práctica de diferentes deportes; así como as súas regras e o xogo en equipo.





### 2.3 Temporalización das actividades

A execución das actividades seguirá o calendario escolar lectivo. Para os alumnos/as de educación primaria designaráanse dous días á semana diferenciados: xoves e venres. O xoves comprenderá aos alumnos/as de 1º, 2º e 3º curso e o dos venres aos alumnos/as de 4º, 5º e 6º curso. A previsión de inicio das actividades data para o 05 de outubro de 2022; á espera da aprobación do consello escolar e autorización da Consellería de Educación.

Horario/ Día	Xoves (Grupo A)	Venres (Grupo B)
14:50:-16:30	Aprendiz-Patinaxe	Perfeccionamento-Patinaxe
16:30-17:30	Multideporte	Multideporte

### 2.4 Destinatarios

Alumnos/as de educación primaria do CEIP Virxe da Luz. Máximo 15 alumnos/as por actividade.

### 2.5 Persoal que desenvolverá as actividades

As actividades estarán dirixidas e coordinadas pola monitora deportiva municipal designada. O responsable das mesmas será o representante da entidade local do concello de Portomarín.

### 2.6 Lugar realización das actividades

- **Patinaxe:** Patio exterior cuberto do centro. En caso de que polas condicións climatolóxicas non se puidese impartir a actividade no exterior, ésta realizaráse no ximnasio do centro.
- **Multideporte:** Ximnasio do centro de ensino.





## Concello de Portomarín

---

Documento asinado electrónicamente á marxe.

O Alcalde-Presidente  
Pablo Rivas Folgueira

